



Buenos Aires, 8 de maio do 1969.-

Consello de Galiza

Sr.  
Delegado do CONSELLO DE GALIZA  
D. Xavier Alvajar  
17 Quai aux Fleurs  
PARISIV

Benquerido amigo:

Esperamos que esta chegue denantes da súa partida pra Colmar. Isto é importante porque o Sr. Skadegará dínos que vostede poderá falar. E isto é importante pra nós. Mentras teña esa posibilidade reiteramos o contido das nosas anteriores. !Escriba o discurso e mandeo!. Moita publicidade pra festexar o ingreso na UC.F.E.

Agora vamos os seus puntos:

CONSEJO FEDERAL ESPAÑOL: Acertado o levar a outros homes. Percure manter a esos homes no posto. Si hai que pagarlle os xornaes que perdan eso non pode ser probrema. Interesanos chegar a ter o mesmo número de vascos e cataláns: 4 membros. Siga esa liña. E a acertada.

Relacións con vascos e cataláns: Pensamos que na entrevista cos socios disew pobos vostede debe levar a voz cantante e que Álvarez ratifique canto vostede diga. Pense que Álvarez é debutante en política e polo tanto non está a punto pra conversas de profundidade. Aleicioneo e axudeo. Pro a entrevista cos dous, Leizaola e Tarradellas, debe facerse. El pensa ir a París de paso, pro con retorno antes de voltar. Val decir que ambos de acordo preparen o rumbo a seguir.

INFORME POLITICO: Mantegna fonda amizade con Valera e Just. Intresa que alguén esté do noso lado. Felicítamolo pola súa aitude co resto dos republicáns. Hai que manter ergueita a bandeira dos nosos principios. A Emigración e nosa. ? Eles, que teñen eiquí?. Nada, nada, absolutamente nada. Hai que forzar a Tarradellas pra que cada vez que se faga un aito vostede sexa invitado, ou quen vostede decida, a nome de Galicia.

PEDIDO DE LIBROS: Preparamos o envío de estatutos mimeografiados. Van unhos cincoenta. Van outros dez impresos cun pequeno estudo dos nosos antecedentes políticos. De Castelao sairán unhos exemplares, e libro esgotado. Van tamén manifestos, mais de douscentos e outros libros mais.

COLABORACION DE VALERA: Con gosto. Esperamos os traballos. Todo canto queira mandar.

*Hoy llega su carta del día 3-5. Llego de abril  
22-4. Reclame en el Galico  
pablo*



*Consello de Galiza*

XITOS MENSUALES: Debe estar no seu poder xa o de abril. Onte se xiraron outros douscentos francos. Avise a recepción pra nosa tranquilidade. Teña a seguranza dos envíos.

MANIFESTO OS INMIGRANTES: En canto poida recolla informes e mandeos. Xa estamos a traballar níl. Si pode mande direicións das entidades galegas en que se agrupan pra mandar algúns en canto estén listo.

CENTRO GALLEGO DE PARIS: Chegou unha nota da U.F.C.E. dando conta dunha nota chegada a nome de Xulio Gomez, que informa que non se poido entregar a nota que dita entidade mandaba a nome de Pascoal Snaz. O señor Skadegard manda a nota pra noso información. Damoslle conta de que o Centro Gallego de París non existe e que vostede lle ampriará o informe en Colmar.

Boa sorte en Alsacia, e o noso desexo. Reciba os nosos fraternos saúdos

Valentin Fernandez  
Segretario de Gobierno